

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 29 DE XUÑO DE 2022

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e nove de xuño de dous mil vinte e dous, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e

sendo as nove horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### 1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 23 de xuño de 2022, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

### 2.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SERVIZOS

Vistos o orzamento presentado en data 01/04/22, os informes de insuficiencia de medios e da necesidade do contrato asinados polo alcalde en data 23/05/22, e xustificado no expediente que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, e de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato de servizos consistente na recollida selectiva de residuos da fracción de envases lixeiros (bolsa amarela) e da fracción papel-cartón, así como o seu transporte á planta

de transferencia de SOGAMA e a xestor autorizado, respectivamente, á sociedade SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS S.L.U., con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social en Curtis (A Coruña), ao prezo de CATRO MIL SEISCENTOS TRINTA E DOUS EUROS (4.632,00 €), máis IVE, así como o importe correspondente da delegación de fluxos de ECOEMBES ao seu favor.

Segundo.- O período de contratación estenderase polo prazo dun ano, entre os días 01/07/22 e 30/06/23, ambos incluídos, sen posibilidade de prórroga.

Terceiro.- O importe total do contrato, incluído a delegación de fluxos, non poderá exceder en importe anual de 15.000,00 €, máis IVE. Se por mor do importe dos fluxos delegados excedera desa cantidade, a diferenza deberá ser reintegrada ao Concello.

Cuarto.- Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida orzamentaria 162/227 do presuposto en vigor.

### ***3.- DELEGACIÓN DE FLUXOS ECONÓMICOS E DA EMISIÓN DE FACTURAS CORRESPONDENTES A ECOEMBES POLOS CONCEPTOS DE RECOLLIDA SELECTIVA DE ENVASES LIXEIROS E PAPEL-CARTÓN***

De conformidade do previsto na cláusula 8.3 do Convenio Marco de colaboración entre a Comunidade Autónoma de Galicia e Ecoembalajes España S.A. (Ecoembes), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Delegar os fluxos económicos e a emisión de facturas correspondentes a Ecoembes, polos conceptos de recollida selectiva de envases lixeiros e papel-cartón, á sociedade SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS S.L.U., con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social en Curtis (A Coruña).

Segundo.- A delegación acordada producirá efectos a partires do día 1 de xullo de 2022.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo a Ecoembalajes España S.A., nas condicións establecidas no Anexo III do Convenio.

#### **4.- NOMEAMENTO DE DIRECTORA DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI)**

De conformidade do previsto no artigo 18 do Regulamento de organización e funcionamento do Punto de Atención á Infancia (PAI), aprobado definitivamente por acordo do Pleno municipal en data 06/09/21 e publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) núm. 180, correspondente ao día 17/09/21, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Nomear directora do Punto de Atención á Infancia (PAI) á traballadora laboral indefinida, coa categoría de mestra do PAI, Dona Raquel Blanco Valladares, con DNI núm. [REDACTED].

Segundo.- O presente nomeamento non constitúe provisión algunha dun novo posto de traballo, conservando a designada a categoría e retribucións que ao efecto figuran no cadro de persoal do orzamento xeral en vigor.

Terceiro.- A traballadora nomeada exercerá as atribucións que para as funcións de dirección establece o artigo 18 do Regulamento do PAI.

Cuarto.- A dirección do PAI dependerá organicamente da Concellería-Delegada da área de infancia, e funcionalmente do Departamento de Servizos Sociais Comunitarios do Concello.

#### **5.- FACTURAS E PAGOS**

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SERTECO-OR S.L. 84,64 €  
Por subministro de reposto informático, s/factura núm. 22A834 (FACe).
- RODOIL S.L. 99,31 €  
Por subministro de combustible ao vehículo da AVPC no mes de maio de 2022, s/factura núm. 2022/22000211 (FACe).
- SANEAMIENTO AVANZADO S.L.U. 1.548,80 €  
Por desatasco de avaría na rede de sumidoiros do Centro Público Integrado (CPI), s/factura núm. FV22-00068 (FACe) – (reparo de Intervención levantado por acordo do Pleno de data 27/06/22).

- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 1.454,14 €  
Por diversas reparacións eléctricas no Centro Público Integrado (CPI), s/factura núm. 12/22 – *(reparo de Intervención levantado por acordo do Pleno de data 27/06/22)*.
- JESÚS DIÉGUEZ OSORIO 411,40 €  
Por traballos de limpeza de canalóns no Centro Público Integrado (CPI), s/factura núm. 2/2022 – *(reparo de Intervención levantado por acordo do Pleno de data 27/06/22)*.
- ALUMINIOS APERGLASS S.L. 730,72 €  
Por colocación de vidros e persianas no Centro Público Integrado (CPI), s/factura núm. 20220036 – *(reparo de Intervención levantado por acordo do Pleno de data 27/06/22)*.
- RODOIL S.L. 5,00 €  
Por lavado de vehículo municipal no mes de maio de 2022, s/factura núm. 2022/22000210 (FACe).
- RODOIL S.L. 44,69 €, 169,78 €, 86,90 €, 287,46 €, 106,06 €, 127,80 €, 341,11 € E 175,08 €  
Por subministro de combustible aos vehículos da brigada municipal de obras no mes de maio de 2022, s/facturas núm. 2022/22000212, 2022/22000213, 2022/22000214, 2022/22000215, 2022/22000216, 2022/22000217, 2022/22000218 e 2022/22000219 (FACe).
- INDUSTRIA QUÍMICA RÍO BLANCO S.L. 412,91 €  
Por subministro de cloro para a piscina municipal, s/factura núm. A111770 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as nove horas vinte minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
*(sinatura dixital)*

O alcalde,  
*(sinatura dixital)*